Os estudantes de EI PERDEN A CREATIVIDADE co paso do tempo

REVISTA AIDA

01 DECEMBRO 2025

VOLUME 1

Existen as "Fake News"?

SON AS “FAKE NEWS” REALMENTE “FAKE NEWS”





CC BY NC SA


Creícheste
esta noticia?
agora ensinarémoste
como detectar as
"Fake news"

CC BY NC SA

ÍNDICE

1.Que son as "Fake news"?
2.A primeira "Fake new"
3.Como detectalas?
4.Algúns consellos rápidos
5.Fake News na crise da sociedade dixital
6. Conclusión
7.Referencias



CC BY NC SA



1.Que son as "fake news"?

As “fake News” enténdense como informacións falsas coa intención de manipular a percepción pública e xenerar impactos profundos nos ámbitos político, social e cultural

Os bulos non son novos: existen desde hai séculos e usáronse mesmo de forma estratéxica na Segunda Guerra Mundial. O que cambiou é que internet e as redes sociais incremnetaron a súa difusión, permitindo que as noticias falsas propáguense moito máis.

A intelixencia artificial tamén inflúe: hai bots “malos” deseñados para crear e difundir bulos, e bots “bos” que axudan a verificalos. Polo enorme volume de información, xurdiron verificadores profesionais apoiados por algoritmos e ferramentas automatizadas.

Os medios de comunicación enfrontan o reto de adaptarse a un novo modelo xornalístico, innovando non só en formatos e tecnoloxía, senón tamén na verificación rigorosa antes de publicar. Proxectos como "The Trust Project" buscan certificar información confiable.
A sociedade necesita máis educación dixital para aprender a verificar a información que recibe, xa que calquera pode difundir datos non verificados e convertelos rapidamente en tendencia.


CC BY NC SA

Video explicación "Fake News" (1:31 min)



https://youtu.be/dzZenFP3R74?si=zs4WE32nF19q0veH


"La fábrica de mentiras" (22:10 min)



https://youtu.be/oEnl-7QkTKM?si=h4kW54-cX7uiNblP

BY NC SA

2.A PRIMEIRA "FAKE NEW"



Considérase que a primeira Fake news da historia é "La Gran Mentira de la Luna", esta foi publicada en 1835 por The Sun, un diario de Nova York, sobre supostos descubrimentos de vida intelixente na lúa grazas ao seu potente telescopio. Esta noticia estendeuse por EEUU e chegou a Europa chegando a moitos lectores.

O que viu o xoven, chamado John Herschel, no telescopio foi un seres fantásticos, mitade morcego e mitade home. Estes vivían na natureza, había praias, bosques e incluso construccións.
Esta noticia foi acompañada por debuxos que daban a coñecer o que había.

Con esto o taboleiro comezou a ser un dos máis vendidos, superando así ao "The London Times" o cal vendía 10 mil exemplares ao día.
Con isto o periódico comezou a ser o maior informante de América vendendo máis de 18.300 exemplares diarios.

queres profundizar? Pincha en min


THE SUN

Sabías que...?

No ano 1933, xusto cen anos despois da primeira fake new, sucedeu unha das mayores noticias falsas da historia.
Orson Welles mediante a radio lanzou a noticia de que o mundo estaba sendo invadido por marcianos.

A xente fora de ignoralo, criuno e sembrouse o caos nas rúas, de feito moita xente rematou ca súa vida por esta noticia.

CC BY NC SA

3.COMO DETECTALAS?

SE SEGUES ESTOS PASOS NON CAERÁS EN NINGUNHA MENTIRA

1. Ler a noticia enteira non só o titular
2. Estuda a fonte:

- É unha cadea de whatsapp sen autoría e sen ligazón ?
- Ten autoría ? Investiga sobre esa persoa, mira o seu traballo anterior.
- Fai referencia a un medio de comunicación ? Busca na pagina de este a ver se o publicou.
- Busca o titular en Google, se é real outros medios fiables haberán falado diso.
- Busca os datos que citan
- Verifica o contexto, por exemplo a data de publicación
- Se cha enviaron preguntalle a esa persoa quen llo pasou a el e se verificou a información.




https://youtu.be/e6ip1Vv6las?si=obYj6b84bEpiGb-8

CC BY NC SA

4.Algúns consellos rápidos

- Tómate un momento para ler detidamente a noticia.
- Estas novas o que buscan é crear unha reacción moi potente en nos (sorpresa ou rexeitamento), así que se o titular causouche unha reacción emocional moi grande o máis probable é que sexa unha fake news.
- Cando unha noticia é verdadeira cita fontes, enlaces ou documentos oficiais, se non o fai xa tes unha pista.
- Debemos desenvolver o hábito de desconfiar e de investigar, xa que unha técnica recurrente destas é usar unha convicción das persoas para chamar a túa atención.
- A maioría das noticias que saen ao momento dos feitos, é dicir as noticias "bomba" non son de fiar.



CC BY NC SA

5.Fake News na crise da sociedade dixital



As fake news parecen máis graves na era dixital porque se difunden 6 veces máis rápido e chegan a máis persoas, pero o seu impacto real é debatible: moitos estudos indican que a maioría da xente segue confiando máis nos medios tradicionais. A idea de que a tecnoloxía por si soa cambia a nosa relación coa información é simplista; en realidade, a desinformación é un fenómeno complexo influído por factores sociais e políticos como o auxe do populismo, o pensamento ideolóxico ríxido, a perda do sentido común e a substitución da verdade pola adhesión ideolóxica.

A tecnoloxía facilita a creación de cámaras de eco e burbullas epistémicas onde as persoas só reciben información que confirma as súas crenzas, o que xera illamento informativo e exceso de confianza. Isto ocorre non só en redes sociais, senón tamén noutros medios, e dificulta a xestión de crise, xa que limita o acceso a información relevante. Ademais, cando quen xestiona unha crise ocultan ou enmascaran información, estas burbullas multiplícanse e xorden explicacións irracionais que enchen o baleiro. Superar estes problemas recoñecer que non se trata só de tecnoloxía, senón da nosa relación coa verdade. Por iso, os xestores de crises deben manter un compromiso firme coa transparencia e a verdade, para reducir o dano psicolóxico e evitar a propagación de desinformación.




CC BY NC SA

6.Conclusión

En conclusión, as “fake news” poden ser algo dañino se non sabemos como identificalas, xa que se non actuamos correrase máis a voz de modo que o creador desta estará a conseguir o seu obxetivo; facer creer algo que non existe e desinformar á sociedade.

Con todo isto, buscamos axudar ás persoas para evitar e rematar ca desinformación e además queremos concienciar sobre os efectos ao que isto pode conlevar, tendo en conta que nos agarda un futuro tecnolóxico.



CC BY NC SA

7.Referencias

1. Abad, C.S. (2019). *La primera "fake news" de la historia.* Historia y comunicación Social, *24*(2), 411-431.https://doi.org/10.5209/hics.66268
2. Alonso González, M. (2019). *Fake News: desinformación en la era de la sociedad de la información.* Ámbitos. Revista Internacional de Comunicación, 45, 29 - 52. https://doi.org/10.12795/Ambitos.2019.i45.03
3. Álvarez-Daza, Nathaly; Pico-Valencia, Pablo y Holgado-Terriza, Juan A. (2021). *Detección de noticias falsas basada en aprendizaje automático y profundo: una breve revisión sistemática.* Revista Ibérica de Sistemas y tecnologías de la Información, 41, 632 - 645.
4. Aris Maldonado, M. (2020). Enciclopedia de las ciencias morales y políticas para el siglo XXI, 243 - 246. https://racmyp.es/wp-content/uploads/2023/06/2020-0592_enciclopedia_ciencias_morales_acc_ee_final.pdf
5. Blanco Alfonso, Ignacio; García Galera, Carmen y Tejedor Calvo, Santiago (2019). *El impacto de las fake news en la investigación en Ciencias Sociales. Revisión bibliográfica sistematizada.* Historia y comunicación social, *24*(2), 449.
6. Gragnani, J. (2018). *Guía básica para identificar noticias falsas (antes de mandarlas a grupos de WhatsApp).* BBC News Mundo.
7. Jurado Nacional de Elecciones (Octubre, 2025). *¿Verdad o mentira? Claves para detectar y frenar las fake news en el Perú.* Youtube https://www.youtube.com/watch?v=e6ip1Vv6las
8. Losada Maestre, R. (2020). Las fake news en la crisis de la sociedad digital. Más poder local, 45, 48 - 50. https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/7407226.pdf

CC BY NC SA

9. Martínez Otón, L. (2025). *Las Fake News y las redes sociales en el escenario de la docencia y la familia*. Invortex, Estudios En Humanidades, Artes Y Ciencias Sociales, 2(1).
10. Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación. (s.f). *La lucha contra la desinformación.*
11. Parra Valero, P., & Oliveira, L. (2018). F*ake news: una revisión sistemática de la literatura.* Observatorio, 12(5), 54-78. https://doi.org/10.15847/obsOBS12520181374
12. Passalacqua Herrera, Victor Mario; Pérez-Rufí, José Patricio y Martín-Martín, Penélope (2025). I*nvestigación sobre desinformación y fake news en revistas de comunicación en español: líneas, cartografía y tendencias.* Estudios sobre el mensaje periodístico, 31(3), 655 - 668.
13. Rodríguez Pérez, C. (2019). *No diga fake news, di desinformación: una revisión sobre el fenómeno de las noticias falsas y sus implicaciones.* Comunicación, 40, 65-74. https://doi.org/10.18566/comunica.n40.a05
14. Telefe (2019). *¿Qué son las fake news?.* Youtube https://www.youtube.com/watch?v=dzZenFP3R74
15. UNED (2023). Fake news. *La fábrica de mentiras.* Youtube https://www.youtube.com/watch?v=oEnl-7QkTKM



CC BY NC SA

REVISTA AIDA

Aldara López Nespereira Ainara Maceiras Ourille, Daniela Mirazo López, Isamar Lamelas Iglesias



Este traballo está licenciado baixo unha licencia Creative Commons BY-NC-SA, permitindo o seu uso, adaptación e difusión en contextos educativos, sempre que se recoñeza a autoría, non se empregue con fins comerciais e compártase baixo a mesma licenza.


EL PAIS
DIARIO INDEPENDIENTE DE LA MAÑANA
La niña concebida en laboratorio sigue en perfecto estado
No habrá nuevas medidas de excepción en la lucha contra el terrorismo
Continúan la huelga y los enfrentamientos en Nicaragua
Fanes crítica la falta de colaboración de los partidos portugueses
Ramón Rubial, presidente del Consejo General Vasco
La vivienda cierra el año con un alza del 12,5%, la mayor de la década
El Gobierno ordena una auditoría de la Comisaría de Alcalá-Gencillos
En dos años quedarán resueltos los problemas pendientes entre Iglesia y Estado
El Gobierno protesta ante el Vaticano por la pastoral de los obispos vascos
Graves acusaciones sobre el penal de El Dueso
El Parlamento vasco rinde homenaje a las
TERMINAL VIDEO COMPATIBLE IBM 3270 NDS
Olivetti TCV 250 ROL
Consejo de Ministros de trámite
Fuerte propone una "cumbre" de países industrializados
Reunión de la Cierva del Movimiento Socialista
El Gobierno acordó los primeros ayudas al paro estacional en Andalucía
Mondi propuso a Washington una acción conjunta contra Cuba
La "cumbre" de la OUA
Tras una frustrada rebelión militar
Durante la toma de posesión
Cesa el j de Policí de La C
ESTA SEMANA
tiempo
BY NC SA